



1

Praia do Castelo

A importancia da conservación

≡ Medio Mariño

🌿 Botánica

🐦 Ornitoloxía

🐾 Zooloxía

🏰 Historia

Localización: Illa de Sálvora

Coordenadas: 42.47079, -9.00415

A fermosa praia do Castelo, que mira cara a ría de Pontevedra, conforma xunto coas dunas que a protexen, un dos ecosistemas naturais máis salientables da illa de Sálvora.

Descrición

Protexida por un extenso cordón dunar, esta pequena praia sorprenderá pola súa beleza. Dende ela desfrutaremos dunhas imponentes vistas, onde poderemos recoñecer parte dos illotes que conforman todo o arquipélago, así



como a maravillosa liña de costa da península do Grove.

A area branca e as súas águas transparentes non deixan indiferente a ninguén, sendo un dos maiores reclamos para todos aqueles que visitan a illa.

Para a observación

O cordón dunar do Almacén, xunto cos dos Bois e Lagos, é un dos grandes depósitos de area da illa de Sálvora. Este acúmulo de material sedimentario nas dunas, permite que cando o vento ou as ondas no inverno levan a area da praia, esta sexa reemplazada pola area almacenada nestes depósitos.

Como parte do sistema dunar, poderemos observar numerosas plantas adaptadas a vivir nun ambiente extremo, onde existe unha falla de nutrientes e un exceso de salinidade e insolación.



👁 Non debes perder

Esnórquel na praia

Os fondos mariños están moi condicionados pola composición xeolóxica e as condicións oceanográficas das correntes, vagadas, etc.

No caso da praia do Castelo, atoparemos distintos tipos de substratos localizados en diferentes zonas, froito do seu hidrodinamismo e dinámica sedimentaria particular, xa que ao estar orientada cara as rías, ésta atópase máis protexida. Destaca unha franxa na que aparecen mesturados rocha, area e maërl. Só a profundidades maiores aparecen os areais. Isto converte esta praia nu dos lugares máis interesantes do PN no que descubrir a súa espectacular biodiversidade mariña.

Nesta illa destaca especialmente a *Armeria pungens*, un pequeno arbusto cuxa floración entre marzo e maio tinxe as dunas dunha cor rosada. Salientar tamén a presenza de *Linaria arenaria*, unha planta de só 15 cm que podemos recoñecer polas súas flores amarelas. Exclusiva de dunas e areais, está considerada en perigo de extinción, reducíndose a súa distribución na Península Ibérica ás illas de Arousa, Cíes, Ons e Sálvora.



? Sabías que?

Refuxio de aves mariñas

A importancia destes ambientes tamén radica en que neles aniñan multitude de aves mariñas. Podemos destacar a fermosa gaivota patiamarela (*Larus michahellis*), cuxa nidificación entre maio e agosto nos permitirá velas en pleno bulicio familiar. Coñecidas por ter parella estable, crían entre dous e tres ovos, os que alimentan coa comida que regurxitan. Outra ave de excepcional valor é a pillara das dunas (*Charadrius alexandrinus*), que tan só cría nos ambientes dunares, poñendo os ovos directamente sobre a area. Por este motivo e pola sensibilidade fronte a calquera tipo de alteración, contan cunha protección especial dentro do PN.



Gaivota patiamarela